



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO

O pasado 22 de maio de 2019 aprobáronse as bases para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións temporais de postos de peóns ou equivalentes para as obras por administración que se inicien neste exercicio ao abeiro do Plan Municipal de Obras e Servizos previsto no orzamento municipal 2019.

As bases foron publicadas na páxina web do concello ese mesmo 22 de maio e, de conformidade co establecido na base cuarta das que rexen a selección, as ata as 14:00 horas do 29 de maio de 2019 o número total de solicitudes presentadas foron 5.

Estimándose que o número de solicitudes presentadas resulta insuficiente para formar a bolsa de traballo necesaria para cubrir a totalidade dos postos que se prevén necesarios no Plan Municipal de Obras e Servizos previsto no orzamento municipal de 2019, esta Alcaldía, en uso das facultades que me confire a normativa vixente en materia de persoal, RESOLVE:

Primeiro.- Abrir un novo prazo de presentación de solicitude para os interesados en formar parte da bolsa de traballo deste concello para realizar contratacións temporais de postos de peóns ou equivalentes para as obras por administración que se inicien neste exercicio ao abeiro do Plan Municipal de Obras e Servizos previsto no orzamento municipal 2019.

Segundo.- As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Oza-Cesuras e que se presentará no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

O prazo de presentación das solicitudes será ata as 14:30 horas do vindeiro 26 de xuño de 2019 no Rexistro xeral do concello de Oza-Cesuras, en calquera das dúas sedes de Oza dos Ríos e Cesuras, en horario de 8:30 a 14:30 ou ben telemáticamente na sede electrónica do concello con certificado dixital.

As solicitudes presentaranse conforme ao modelo oficial que poderán obter nas oficinas municipais ou mediante descarga na páxina web.

Terceiro.- Publicar a resolución de apertura dun novo prazo de presentación de solicitude na páxina web do concello para os efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na data/s da/s sinatura/s electrónica/s

Dou fe,

O ALCALDE

O SECRETARIO

Ado./ José Pablo González Cacheiro

Asdo./ José C. Sánchez Presedo